

Carmiña Miudiña

a pinga que quería ser científica



Carmiña Miudiña

A pinga que quería ser científica

Ficha artística

TÍTULO: Carmiña Miudiña, a pinga que quería ser científica


XÉNERO: Contacontos representado (teatral)

TEXTO, DIRECCIÓN E INTERPRETACIÓN: Carla Capeáns

AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Roi Méndez

ATREZZO: Carla Capeáns e Pingas de Fieltro

VESTIARIO: Pingas de Fieltro



Ficha técnica

IDIOMA: Galego

PÚBLICO: Público infantil (4 a 10 anos)

DURACIÓN: 45/50 minutos

TEMPO DE MONTAXE: 50 minutos

TEMPO DE DESMONTAXE: 40 minutos

CONTACONTOS ADAPTABLE A TODO TIPO DE ESPAZOS E CONDICIÓNS TÉCNICAS

(CONSULTAR)




O conto

Que historia se conta?

No día do seu aniversario, Carmiña Miudiña inicia unha fantástica viaxe. Carmiña é unha pinga de auga moi miudiña, de cor azul pero cun sorriso moi grande. Vive nunha nube gris aló no alto do ceo, Vive nunha nube aló no alto do ceo nunha casiña ben bonita, con xardín e piscina incluída. Alí vive con toda a súa familia: a súa mamá Filomena, o seu papá Filiberto, a súa avoa Filiberta, e os seus irmáns Xurxo e Caterina.

A súa avoa Filiberta foi unha científica moi famosa. Durante moitos anos estudou as propiedades da auga, fixo un montón de experimentos, analizou as augas dos ríos e dos mares, viaxou por moitos países dando conferencias e escribiu moitos libros. Mesmo estivo na festa de inauguración do Polo Norte! E é por iso polo que, no día do seu aniversario, a súa avoa lle agasalla un paracaídas para poder baixar ao mundo dos humanos e poder facer fantásticos experimentos. No camiño, diferentes elementos da natureza fan que a nosa Carmiña Miudiña percorra o ciclo da auga. Grazas a esta marabillosa viaxe, Carmiña Miudiña consegue ser unha científica famosa en todo o mundo con tan só seis anos.

Como se conta?



- Estética moi teatral, cómica e farsesca
- Uso de monicreques de pau
- Interacción e comunicación directa co público infantil
- Formación en valores:
 - Coñecemento do medio ambiente
 - Aprender a reciclar
 - Igualdade e tolerancia
 - Solidariedade



Carmiña Miudiña

A pinga que quería ser científica

Fotografías



Carmiña Miudiña

A pinga que quería ser científica



Carmiña Miudiña

A pinga que quería ser científica



Carmiña Miudiña

A pinga que quería ser científica



A Compañía: BocAberta

BocAberta é unha compañía de recente creación nada en Compostela e cuxo eixo central é facer teatro por e para o público. Carla Capeáns, Roi Méndez e Beatriz Méndez, fundadores da compañía, aspiramos a crear unha linguaxe teatral propia, próxima e recoñecible. Buscamos divertir, emocionar e facer reflexionar ao espectador sen esquecer nunca que el é o porqué do teatro.

Levamos traballando xuntos ao redor de 5 anos dende os nosos comezos na Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela dirixida por Roberto Salgueiro.

Logo de estrear o noso primeiro espectáculo “Express Arte” iniciamos unha residencia artística na Universidade de Santiago de Compostela froito da cal nacería “A Tropa Trapalleira”, espectáculos que xunto co contacontos “Carmiña Miudiña” conforman a oferta teatral de BocAberta.

Carla Capeáns, a contacontos

Actriz e contacontos con formación en diferentes técnicas interpretativas como a Commedia dell’arte ou a interpretación ante a cámara. Actualmente tamén traballa como actriz no espectáculo infantil “Ra, Ra, Ra” escrito e dirixido por Cándido Pazó e vén de colaborar coa compañía Talía Teatro como actriz substituta en “Sopa de Sapo”.

Iniciou a súa andaina como contacontos aló polo 2005, ano no que acadaría o 3º premio provincial na categoría de contacontos do programa “Entre nós, en galego”. A súa experiencia no teatro infantil levaríaa a iniciar no 2013 unha colaboración coa Editorial Santillana exercendo de contacontos en centros de ensino.

Carmiña Miudiña

A pinga que quería ser científica

Necesidades técnicas

- **ESPAZO ESCÉNICO**
 - ANCHO 2 metros
 - ALTO 3 metros
 - FONDO 2,5 metros
- **TOMA DE CORRENTE**
- **1 MESA E 1 CADEIRA**
- **1 CAMERÍN (ou similar) con auga corrente e espello**



WEB: <http://ciabocaberta.wix.com/bocaberta>

MAIL: ciabocaberta@gmail.com

TELF: 679 530 575 (Carla)